



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 10:00 horas do día 10 de marzo de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 20224 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

A xuntanza ten por obxecto, como primeiro punto, estudar as solicitudes de criterios de corrección/revisións/copia de exames presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos e número e data de rexistro de entrada:

Nº	Apelidos e nome	Núm rexistro	Solicitud
1ª	Mónica Calviño Dorado	202699900000804	Copia do seu exame corrixido para comprobación
2ª	Mónica Santamariña Cadaveira	202699900000820	Revisión da cualificación outorgada e copia da plantilla coas respostas correctas
3ª	Sabela Figueira Torres	202699900000823	Ver a corrección do seu exame e os criterios de corrección
4ª	Victor J. Vilasuso Bergantiños	202699900000831	Copia do seu exame para revisalo e dos criterios de corrección e copia do exame con código 189
5ª	María Pampín Mariñas	202699900000853	Copia do seu 2º exercicio
6ª	María Cruz Ceide	202699900000859	Copia do seu 2º exame corrixido
7ª	Laura A. Quintela Díaz	202699900000876	Copia do enunciado do 2º exercicio

1º. O Tribunal, respecto das persoas aspirantes que **non solicitan a revisión** do seu exame (1ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª e 7ª), acorda darlles traslado a cada un dos seus respectivos exercicios cos criterios de corrección aplicados e a xustificación da puntuación outorgada polo Tribunal, segundo se recolle no Anexo I desta acta.

2º. Respecto da solicitude efectuada por Victor J. Vilasuso Bergantiños, indicarlle que non se lle porporcionará copia do exame co código 189, pero poderá consultalo na Secretaría do Concello.

3º. Por último, revísase o exame correspondente á persoa aspirante que ten solicitado revisión do mesmo, segundo consta no Anexo II á presente acta, co seguinte resultado:

Mónica Santamariña Cadaveira

O Tribunal logo da revisión do exame da peticionaria, reitérase na puntuación outorgada na corrección do pasado día 3 de marzo de 2026.

Por outra banda, consta no expediente administrativo 2025/E001/000014 a acreditación documental, por parte dos aspirantes que se indican a continuación, da titulación que os exime da realización do terceiro exercicio da oposición, regulado na Base 7ª das específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) no seguinte termos:

«**Terceiro exercicio:** Consistirá en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre un sistema operativo e o paquete ofimático (Libre office) a través de exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo dunha hora. Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles aspirantes que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión e achegasen a certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia, (nivel básico ou superior).

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán declarados como non aptos aqueles aspirantes que non supe ren a presente proba sen prexuízo do que logo se dirá respecto da constitución da bolsa de emprego.

Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos»

Na súa consecuencia, estarían exentos da súa realización:

Nº	Apelidos e Nome	DNI
1	Bello Lema, Lucía	***7157**
2	Castelo Fernández, Silvia	***6146**
3	Díaz Solano, Marta	***3185**
4	Ramos Siaba, María Magdalena	***1493**
5	Rodríguez González, Óscar	***7922**
6	Rodríguez Patricio, Marta	***1079**
7	Suárez Expósito, Ignacio Ramón	***8543**
8	Vázquez Torres, Óscar	***6359**

A continuación procédese á determinación do terceiro exame da oposición, que incorpórase como Anexo III á presente acta.

Á vista das actuacións indicadas, o Tribunal por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Dar resposta ás solicitudes presentadas polas persoas aspirantes nos termos recollidos nesta acta.

Segundo: Declarar exentos da realización do terceiro exercicio da oposición, consonte co regulado na Base 7ª das específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025), aos seguitnes aspirantes:

Nº	Apelidos e Nome	DNI
1	Bello Lema, Lucía	***7157**
2	Castelo Fernández, Silvia	***6146**
3	Díaz Solano, Marta	***3185**
4	Ramos Siaba, María Magdalena	***1493**
5	Rodríguez González, Óscar	***7922**
6	Rodríguez Patricio, Marta	***1079**
7	Suárez Expósito, Ignacio Ramón	***8543**
8	Vázquez Torres, Óscar	***6359**



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Terceiro. Sinalar como **data e lugar do terceiro exame da oposición, o luns 16 de marzo de 2026**, no Edificio Cultural A Senra do Concello de Bergondo (edificio sito ao carón do CPI Cruz do Sar) [coordenadas: 43.320271, -8.227277; <https://maps.app.goo.gl/sbAn21X4TaCcNeVT9>],:

ás 9:30 horas: de Cabanas Veira, Gabriela a Moreira Vilanova, Pablo.

ás 10:30 horas: de Núñez García, Tatiana María a Vilasuso Bergnatiños, Victor José.

Os aspirantes convocados ás 9:30 horas, non poderán abandonar a aula de celebración do 3º exame ata o remate total do tempo outorgado para súa realización.

Cuarto. Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria